



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 26 de xaneiro de 2021, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUD. URXENCIA NICHOS A D. FRANCISCO DE ANTA PEREZ

EXPEDIENTE: 2021/G003/000066

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 25 de xaneiro de 2021, presentouse por D. Francisco de Anta Pérez a solicitude de concesión dun nicho no cemiterio municipal (rex. entrada nº 324).

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que o falecemento da súa nai tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2021, téndose previsto proceder a darlle sepultura no día de hoxe.



Considerando que a persona interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, non podendo esperar o interesado á súa obtención, para que lle sexa adxudicado o nicho, polas circunstancias concorrentes, comprometéndose en todo caso a solicitalos e aportalos ao Concello á maior brevidade posible.

Considerando que o interesado, na documentación presentada, acreditou o aboamento de 1.310 euros, que se corresponden co importe das tarifas de concesión dun nicho (1.250 €) así como co importe da licenza de apertura e inhumación (60 €).

Considerando que no día da data o interesado aportou documentación acreditativa do ingreso da garantía definitiva por importe de 35,80 € (rex. entrada nº 358).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 26 de xaneiro de 2021, incorporada ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 23 A do bloque 2 a D. Francisco de Anta Pérez, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, lembrándolle a obriga de aportar, á maior brevidade posible, os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.



Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital da presente.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz